

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA EN APOIO DAS DEMANDAS DA ANPA O BAÑO E EN DEFENSA DUN ENSINO PÚBLICO DE CALIDADE EN CUNTIS**

**Ao Pleno Municipal da Corporación de Cuntis**

Cuntis, 24 de setembro de 2020

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

1 A Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as O Baño facía pública en días pasados a decisión da Consellaría de Educación de suprimir unha praza de docente de apoio no CPI Don Aurelio. Segundo ANPA O Baño, son arredor de 60 nenos e nenas as que fan uso deste servizo inicialmente, pero esta cifra pode verse incrementada ao longo do curso. A redución do persoal de apoio ao alumnado con necesidades específicas é unha das novidades coas que comezou este curso, para o que a Xunta de Galicia prosegue coas súas políticas de deterioro do ensino público. É a propia Confederación de Anpas Galegas a que está a sinalar os recortes sistemáticos que se están a producir no ensino, incluíndo este novo curso que vén de comezar.

Aplicar recortes nas prazas de persoal de apoio é especialmente insensible por tratarse de docentes que atenden as necesidades específicas daqueles alumnos/as que máis o precisan. A supresión desta praza supón importantes dificultades para atender as demandas nesta materia no CPI Don Aurelio de Cuntis, como así o afirma a ANPA O Baño.

A comunidade educativa galega vén caracterizándose por soste unha mobilización moi activa ante a política de recortes sistemáticos e deterioro da educación pública nos últimos anos. Entendemos que é o noso deber como representantes electos/as dos veciños e veciñas de Cuntis apoiar estas demandas e poñernos á súa disposición, tanto material como institucionalmente, na defensa dun ensino público galego de calidade.

Por todo o exposto, instamos á adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestar publicamente o apoio desta Corporación ás demandas da ANPA O Baño na defensa das prazas necesarias para cubrir as necesidades do alumnado de Cuntis no CPI Don Aurelio, nomeadamente á campaña de recollida de sinaturas iniciada en días pasados para reclamar a praza de docente de apoio que a Consellaría de Educación pretende suprimir.
2. Instar ao Alcalde e ao Grupo de Goberno a interceder ante a Consellaría de Educación para canalizar as demandas da comunidade educativa do CPI Don Aurelio.
3. Dar traslado á Consellaría de Educación dos acordos adoptados a este respecto e esixirlle un trato digno para a comunidade educativa de Cuntis.